



ACTA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expediente núm.: XGL/2019/2

Asunto: ACTA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acta da sesión ordinaria nº 2/2019

Día e hora da sesión: 17 de xaneiro 2019 ás 13:20 horas.

SESIÓN ORDINARIA Nº 2/2019 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17/01/2019

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, se procede, da acta ordinaria 1/2019**
- 2. Aprobación Modificado de Proxecto de Urbanización (Obras cuxa Execución corresponden ao Concello de Redondela) do Proxecto Público Educativo Cidadelle.**
- 3. Renovación Permiso Municipal de Conductor a Manuel Albino Lomba titular da Licenza de Taxi núm. 34**

De conformidade do Decreto de Alcaldía n.º 148/2019 de 17 de xaneiro de 2019, polo que se convoca sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, réunense na Casa do Concello de Redondela, sendo ás 13:20 horas do día 17/01/2019, baixo a presidencia do Alcalde Javier Bas Corugeira e a asistencia dos concelleiros: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María del Carmen Amoedo Dasilva e Arturo González Barbeiro.

Non asiste a concelleira María José Barciela Barros.

Asiste actuando como secretario, o secretario xeral, Carlos López Quintáns, que dá fe do acto.

A Presidencia declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os asuntos da Orde do Día.

Páxina: 1

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

Carlos López Quintáns (1 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 21/03/2019
HASH: 46c94e93cfe623525366d622c38074ca



Javier Bas Corugeira (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 21/03/2019
HASH: 0db04b51fab1f7ab44a3b788124068f2



ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0002 Data: 21/03/2019



Cod. Validación: APTF9WKGNAAX64NDZC9SG6E45L | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



1. Aprobación, se procede, da acta ordinaria 1/2019

Sométese a aprobación da Xunta de Goberno o borrador da acta da sesión ordinaria 1/2019 do 08/01/2019, resultando ratificada nos seus propios termos por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. Aprobación Modificado de Proxecto de Urbanización (Obras cuxa Execución corresponden ao Concello de Redondela) do Proxecto Público Educativo Cidadelle.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta de Alcaldía de data 16.01.2019, que di:

“Asunto: Aprobación modificado de Proxecto de Urbanización (obras cuxa execución corresponden ao concello de Redondela) do proxecto público educativo Cidadelle.

Resultando que mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado en sesión celebrada o 05/10/2017, aprobouse o proxecto público educativo para o novo CEIP en Cidadelle – Chapelá, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, segundo o procedemento excepcional regulado na Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Aprobado inicialmente, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 23 de novembro de 2017, o proxecto de urbanización (obras cuxa execución corresponden ao concello de Redondela) do proxecto público educativo Cidadelle, para a construción de novo CEIP, asinado en outubro de 2017, redactado por Interurbán, S.A.

Aprobado definitivamente, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 29 de decembro de 2017, o proxecto público educativo Cidadelle, para a construción de novo CEIP, asinado en outubro de 2017, redactado por Interurbán, S.A. e anexo cálculos xustificativos complementarios aos anexos n.º 10. Rede de alumeadado público e n.º 13. Estruturas, presentado en decembro de 2017, coas condicións impostas nos informes sectoriais emitidos no trámite de aprobación do proxecto público educativo Cidadelle, nos informes de servizos e, en particular nos emitidos no trámite do proxecto de urbanización, do Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, en data 19/12/2017 e Augas de Galicia, Expte. [REDACTED] en data [REDACTED]

Páxina: 2

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0002 Data: 21/03/2019



Cod. Validación: APTF9WKGNA64NDZCS9SG6E45L | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



26/12/2017. Acordo publicado no BOPPO núm. 4 do 5 de xaneiro de 2018.

Recibida polo director das obras, [REDACTED] escrito en solicitude de modificación do proxecto de urbanización, acompañando documentación técnica complementaria do proxecto modificado "Urbanización do proxecto público educativo de Cidadelle- Redondela (Pontevedra)", xustificándoo no interese xeral e baseado en:

Un cambio por parte da compañía Unión Fenosa Distribución no que respecta á conexión de media tensión, pois agora débese conectar cunha celda de reserva no [REDACTED] situado a uns 350 m do ámbito en dirección sur.

- Substitución dun tramo de pluviais proxectado en 400 mm por tubaxe de 500 mm.
- Novo colector de pluviais de 800 mm para canalización dun regato existente e non reflectido na cartografía oficial.
- Novas barreiras de seguridade.
- Variación de medicións nas unidades de execución.

Visto o informe emitido en data 08/10/2018 polo arquitecto municipal, no que indica, entre outros que, dende o punto de vista xeométrico non hai alteracións significativas. As únicas diferenzas con relevancia urbanística son as relacionadas coa modificación de trazado de algunhas conducións soterradas. O orzamento supoñe un aumento do 6,54 % sobre o orixinal.

Recibida Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Cultural de data 15/01/2019 autorizando as obras do proxecto modificado de outubro de 2018, coas condicións ás que se refire o punto 8 dos seus antecedentes e consideracións técnicas da resolución, desenvolvidos nos seus puntos 7 e 8.

Visto o informe núm. 2019-0004 de data 16/01/2019 emitido pola técnica de administración xeral adscrita a urbanismo, no que recolle, entre outros que, as modificacións plantexadas no proxecto de urbanización aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local o 29 de decembro de 2017, non alteran á estrutura xeral e o modelo elixido e aprobado

Páxina: 3

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0002 Data: 21/03/2019



Cod. Validación: APTF9WKGNAAX64NDZCS9SGE45L | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6



definitivamente, toda vez que se modifican aspectos concretos, segundo o informe do arquitecto municipal, polo que a mesma non comportaría unha modificación substancial, é polo tanto non precisaría do sometemento a unha nova información pública.

Vistos os artigos 96 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia. (DOG nº 34 do 19.02.2016) e 226 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Esta Alcaldía, ten a ven propoñer á Xunta de Goberno Local como órgano competente para a aprobación dos proxectos de urbanización, atribución delegada por Resolución da Alcaldía de data 24 de xuño de 2015, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do proxecto de urbanización presentada en outubro de 2018 polo director de obra (obras cuxa execución corresponden ao concello de Redondela) do proxecto público educativo Cidadelle, para a construción de novo CEIP, asinado en outubro de 2017, redactado por Interurbán, S.A. e anexo cálculos xustificativos complementarios aos anexos n.º 10. Rede de alumeado público e n.º. 13. Estruturas, presentado en decembro de 2017, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local o 29 de decembro de 2017, e de acordo coas coas condicións ás que se refire o punto 8 dos antecedentes e consideracións técnicas desenvolvidos nos puntos 7 e 8 da Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Cultural de data 15/01/2019.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, a efectos do seu xeral coñecemento.”

VOTACIÓNS E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta transcrita nos antecedentes en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes.





3. Renovación Permiso Municipal de Conductor a Manuel Albino Lomba titular da Licenza de Taxi núm. 34

ANTECEDENTES:

Vista a proposta de Alcaldía de data 14.01.2019, que di:

“PROPOSTA DO CONCELEIRO DE INTERIOR.

O 11.01.2019, rexistro de entrada núm. 2019-E-RC-627, don ██████████ con DNI ██████████ titular da licenza de taxi núm. ██████ solicita a renovación do permiso municipal de conductor.

Consta no expediente o certificado médico oficial favorable, fotocopia do carné de conducir, a declaración xurada de non estar inhabilitado nin ter incompatibilidade para o exercicio da profesión de taxista e o xustificante de pagamento das taxas correspondentes (10,10€).


De acordo co artigo 26 do Regulamento municipal regulador do servizo de taxi no municipio de Redondela (BOP núm. 54 do 19.03.2015) os permisos municipais de conductor de taxi terán unha validez de cinco anos, puidendo ser renovados polo mesmo período, sempre que o interesado acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e o desempeño habitual da profesión durante o citado período, ou en todo caso cun mínimo de dous anos. En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible deberá obter un novo permiso.

Despois de examinar a documentación presentada polo interesado, que acredita cumprir os requisitos que esixe o artigo 24 do Regulamento citado e visto o art. 22 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o concelleiro de interior PROPÓN á Xunta de Goberno Local

Que se expida a favor de don Manuel Albino Lomba, con DNI 36031354Z, o permiso municipal de conductor de vehículos adscritos a licenzas de servizo público, outorgadas por este Concello, cun período de validez de cinco anos, unicamente para a conducción do vehículo adscrito á licenza núm. 34. ”

VOTACIÓNS E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta transcrita nos antecedentes en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes.





E non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as 13:30 horas do día indicado no encabezamento, en proba da que redacto esta acta da que, como secretario, dou fe.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0002 Data: 21/03/2019



Cod. Validación: APTF9WKGNAAX64NDZCS9SG6E45L | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6